



CONTRASINAL. No ano 1973 no limiar ao seu libro *O corvo érguese cedo* Margarita Ledo escribe: “O home foi camiñando coa consiña de engaiolar ó corvo e conquistar fixar o noso tempo”. Creo que esta arela define todo o seu facer: un tempo que é contemporáneo e non dubido en cualificar como nacional, porque cada data, cada proxecto require un fluír de discursos a cambio da esperanza e a nosa autora decidiu que os seus non serían nin museísticos nin idólatras, xa que as nacións son construídas e érguense con figuracións e con palabras e son múltiples e por iso non é posíbel renunciar a nada.

E Margarita non renuncia, nin á vangarda, nin á abstracción, nin á fantasía, xa que por moi afogadas que sexan as condicións, a renuncia é sempre un erro. E ela xa no 73 (época epigonal de consignas) está a mirar para adiante e sabe que escribir poesía política é sobre todo afastarse dos idiomas da usura.

Porque senón ademais é que estás colonizada, e permites que se che impoña a condición de subalterna, e só dirás o pactado: as linguaxes da razón instrumental, a saudade, a paisaxe, a consigna; o número pero nunca a cifra; nunca o contrasinal.

Linguas mortas é un acontecemento único porque nel están xa todas as mutacións.

O seu, o de Margarita, vai a contra-fío; é unha obra de contramarcas, xa sabedes, aquilo que cómpre coñecer para pasar dun tempo a outro, dunha terra a outra (horda, nación, placenta, orixe, onde se anoan as alianzas, se establecen os contratos, os códigos e as convencións que dan sentido ao insignificante, institúense os contrasinais, prérganse as bandas ópticas e sonoras ao que as excede, víranse nun momento de xesto e de paso) dunha fronteira a outra fronteira, entendéndoa non como clausura, senón como un linde poroso aos bordos doutras singularidades.

Figura, idea contemporánea para vivir/filmar/escribir o que nunca foi vivido, non o que se perpetua e xa rematou, senón o que de veras comeza: as películas, os poemas, a intelixencia, os corpos. // **Chus Pato**